

# **Diario de Caspar David Friedrich**

**Por: Breixo Ferreiro Veres  
Pablo Buceta Serbia  
Zeltia Lorenzo Uriz  
Marta E. Sanmartín Campello**

**4º ESO**

## **27 de decembro de 1817 A exposición**

Levántome moi cedo coa idea de ir ao taller, o silencio axúdame a inspirarme. No trípode espérame un lenzo, pero fai demasiado frío, así que volvo á cama, pasan as horas e non consigo durmir, soa a campá da igrexa: as seis, as sete, as oito e, de súpeto, escoito que acaban de dar as once... Levántome da cama sobresaltado, quedara con Gerhard ás doce e non vou dar chegado. Vou con présa pola antiga muralla á beira do río Elba, paso pola terraza Brühl onde quedara co meu amigo e imos ver unha exposición no barrio de Blasewitz. Nos corredores da Academia encóntrome cos pais de Caroline, coñecina hai moito tempo e decidín pedir a súa man. Achégome ao seu pai, saúdoo e fixamos un día para poder falar con el en privado. Só desexo estar á altura para poder facela feliz para sempre.

**Titular:** “Só desexo estar á altura para poder facela feliz para sempre.”

## **8 de xaneiro de 1818**

### **Unha angustia terrible**

Ao amencer, arredor das cinco da mañá, esperto. O meu rostro está pálido, suorento. Unha vez máis soñei co terrible día no que case afogo patinando sobre o xeo do lago do bosque, preto de Greifswald. A capa de xeo resoou e comezou a fender. Antes de afundirme, o meu irmán Johann Christoffer logrou salvarme, pero foi el quen perdeu a vida. O silencio da cidade parece respectar a miña pena, o meu irmán sacrificouse por min. É unha noite importante, o vento sopra con forza e asubía entre os tellados, mañá, por fin, casarei con Caroline. De súpeto parecía que o seu rostro se debuxaba na tenue luz que entraba pola fiestra, tan fermosa, tan nova, tan inocente, acaso ese rostro fose dunha das miñas irmás, María ou Elisabeth, a incerteza ardía dentro de min, non conseguía lembrar os seus rostros nin abrir os ollos para ver de que se trataba. Mañá ten que ser o día máis feliz da miña vida e unha terrible angustia apodérase do meu peito, non consigo sacar este tormento da miña cabeza.

**Titular:** “O silencio da cidade parece respectar a miña pena.”

## **9 de xaneiro de 1818**

### **Voda**

Apenas se vía no ceo a primeira luz da alba cando me levantei e, despois de asearme, fun ao vello armario para vestirme. Unha levita típica alemá, a mesma que levara meu pai cando casou coa miña nai, un chaleco e unha camisa branca. Mírome ao espello e véxome máis novo xa que me

arreglaron o pelo e a barba, un pouco máis curto do habitual en min. Ás once debo estar na igrexa de Franenkirche. Neste emotivo día só nos acompañarán algúns amigos, o meu irmán e a familia de Caroline. Encóntrome nervioso pero á vez ansioso e moi feliz, quero máis cá miña vida, o día que a coñecín souben que sería a miña muller. Quedei cautivado pola súa tenra mirada. Só cando estou con ela consigo esquecer todos os meus malos pensamentos. A cerimonia foi moi emotiva, ao escoitar o coro, parecía que tocábamos a gloria. Caroline coas súas meixelas avermelladas, parecía un anxo, tan fermosa, tan fráxil e, á vez, tan poderosa. Por fin era a miña muller.

**Titular:** “O día que a coñecín souben que sería a miña muller.”

**18 de xaneiro de**

**1818 A lúa de mel**

Chegamos á illa de Rügen para pasar a nosa lúa de mel. Encóntrome tan feliz que comecei un novo lenzo, que é diferente a todo o que pintei anteriormente. Aparecerá a miña muller e tamén o meu irmán Christian, que nos acompaña nesta viaxe. En poucas ocasións, as miñas pinturas son protagonizadas por mulleres, pero ela meréceo, vouna pintar cun vestido vermello, a cor do amor e da paixón. Eu aparezo un pouco afastado, nos cantís, contemplando a inmensidade do mar, que me leva ao infinito, e as ondas que me traen á costa unha e outra vez. Dende hai uns días, non pasa pola miña cabeza o desalento, o desamparo, o desacougo que me acompañaron durante tantos anos. Xunto a Caroline agora todo é calma, confianza, plenitude, risas e alegría.

**Titular:** “Encóntrome tan feliz que comecei un novo lenzo”

**11 de abril de 1818.**

**A obra**

Xa estamos en Greifswald, Caroline non se encontra moi ben, sospeitamos que pode estar embarazada. Aínda que ela está moi ilusionada, a min prodúceme desacougo e unha certa inquietude. Ao chegar a esta cidade tan estreitamente ligada á miña infancia invádenme a melancolía e a nostalxia. Esta mañá visitamos o cemiterio onde están a miña nai, as miñas irmás e o meu irmán. Ao verme tan abatido, as palabras de ánimo da miña muller son un bálsamo milagroso para min. De volta á casa, debuxei o bosquejo dun novo cadro, nel quero reflectir todos os meus sentimentos. É un home só no cume das montañas observando a néboa que representan o illamento e a soidade que me rodeou todos estes últimos anos. Espero que os que o vexan rematado atopen nel algo máis que natureza, que recoñezan a paixón que guiou a miña man.

**Titular:** “Espero que os que o vexan recoñezan a paixón que guiou a miña man.”

